

**DECRETO DE PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO, ALCALDE**

**DECRETO:** Aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha ASESOR/A XURÍDICO do CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) do Concello de Ribeira, nomeamento do tribunal avaliador, lugar, data e hora do inicio do proceso selectivo. Expediente: 2024 PSEL000028.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha ASESOR/A XURÍDICO/A do Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Ribeira, a través do proceso selectivo de CONCURSO DE MÉRITOS e ENTREVISTA, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 25/09/2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 188 do 30/09/2024, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía na data 28/10/2024, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), concedéndose un prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios (sede electrónica), para poderen presentar, de ser o caso, as reclamacións oportunas.

Polo exposto, rematado o referido prazo, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Nº	Apelidos e nome	DNI	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a proba galego
1	Castro Ramallal Vanesa	***1606**	Si		Si
2	Crujeiras Pérez Ángela	***8404**	Non	Non achega a xustificación da experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero (Base 7ª)	Si
3	Lazo Fuentes Xiomara Erlinda	***5643**	Non	Non achega a xustificación da experiencia en temas relacionados coa igualdade de	Si



**FIRMANTE - FECHA**



				oportunidades por razón de xénero (Base 7ª)	
4	López Mourelle Sonia	***6221**	Si		Si
5	Novo Gómez Mariana	***8975**	Si		Si
6	Parente Rivera Manuela	***7892**	Si		Si
7	Piñeiro Rodríguez Mª Estrella	***3469**	Si		Si
8	Rodríguez Leira Inés	***4331**	Si		Si

A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

**Segundo.-** A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicárase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicárase na páxina web do Concello de Ribeira ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Terceiro.-** Nomear o seguinte tribunal avaliador do proceso selectivo:

**Presidente:** Titular: Mª Dolores Crujeiras Bringas. Suplente: Mª Teresa Cid Poza.

**Vogais:** Primeiro/a Vogal: Titular: Mª Ángeles Pazos Sieira. Suplente: Juan José Sieira Valiño.

Segundo/a Vogal: Titular: Mª Luz Ramallo Hermo. Suplente: Santiago Mª Páramo Aller.

Terceiro/a Vogal: Titular: María Paz Vidal. Suplente: Pablo Bao Castro.

**Secretario/a:** Titular: María Sieira Ríos. Suplente: José Martínez de Llano Orosa.

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar ós membros do Tribunal Avaliador para que o día 26 de novembro de 2024 ás 9:00 horas, concorran ó Auditorio Municipal, sito na Praza dos Mariñeiros, s/n, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á mencionada valoración dos méritos.

**Quinto.-** Publicar edicto co contido da presente Resolución no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na páxina web do Concello de Ribeira no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Sexto.-** Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015DE5E00F3L5R1A7C1E7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/11/2024  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2024  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/11/2024 10:35:18

EXPEDIENTE :: 2024PSEL000028  
 Fecha: 13/09/2024  
 Hora: 00:00  
 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015DE5E00F3L5R1A7C1E7



interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

*En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pe deste documento. O alcalde, Luís Antonio Pérez Barral. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.*

**En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015DE5E00F3L5R1A7C1E7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/11/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/11/2024 10:35:18

EXPEDIENTE ::  
2024PSEL000028

Fecha: 13/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015DE5E00F3L5R1A7C1E7

